




Entrevistas do 25 aniversario



Germán Fernández
XERENTE DE
ECOVIDRIO
EN GALICIA

"O vidro que chega a Sogama é un erro do cidadán"

[Ler máis...](#)



Esperanza González
GAÑADORA
CONCURSO DÍA
INTERNACIONAL
RECICLAXE 2016

"Emprego lixo porque é valioso per se"

[Ler máis...](#)

Editorial



Javier Domínguez Lino
PRESIDENTE DE SOGAMA

"Nadal con menos desperdicio"

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Inicio das obras de ampliación do Complexo Medioambiental de Cerceda

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato, acudiu a Sogama para ver *in situ* o inicio das obras de ampliación da empresa pública que, tras unha inversión de 29 millóns de euros e algo máis dun ano de traballo, incrementará a capacidade de tratamento nun 81%, podendo procesar todos os residuos urbanos xerados en Galicia.



[Ler máis...](#)

Actualidade

Formación en liña para cen axentes da Garda Civil

Novos composteiros para Vilaboa e Cambados

Semana Europea da Prevención de Residuos

"Cada cousa no seu sitio", concurso en Facebook e Twitter

Obtención do certificado Ardán 2017

[Ler máis...](#)

Multimedia



Videoconto de Nadal



Salto 2.0 de Caderno Verde

EEI de Verducedo, todo un exemplo a seguir

[Ver máis...](#)

Eventos



Tolerancia O da FAO contra o desperdicio alimentario

A ONU camiña cara a un planeta sen contaminación

Limpeza por uns mares limpos

ReciclaXe de vidro contra o cancro de mama

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

Caldo galego

[Ver receita...](#)

Editorial

“Nadal con menos desperdicio”



O Nadal, xa en carteira, reclama toda a nosa atención. Anuncios por todos lados que prometen benestar, comodidade e felicidade. Tamén a paupérrima política do usar e tirar que cada ano fai acto de presenza e que nos desafía para que miremos de esguello ao medio ambiente, coa promesa, iso si, de que seremos máis coidadosos e respectuosos, pero o próximo ano.

Namentres, montañas de residuos acumúlanse nos contedores, completamente desbordados para atender a alta demanda da poboación e, o que é peor, inxentes cantidades de alimentos en bo estado que acaban no cubo do lixo de forma inmisericorde e que non parecen afectar á nosa sensibilidade porque, á fin e ao cabo, é momento de malgaste. Unha desgraciada estampa que, inevitablemente, se traduce en cuantiosas perdas económicas e nun grande impacto ambiental e social.

Ante un escenario destas características, a reflexión imponse. Porque no Nadal tamén se pode ser

feliz desde a mesura e a prudencia. Os vistosos agasallos cos que intentamos impresionar aos nosos seres queridos teñen a súa versión sostible. A estética dun bonito obxecto pode ser substituída por unha entrada para o cine ou o teatro, a visita a un museo ou por unha xornada de diversión en familia.

En Sogama, sensibilizados co dispendio que supón a compra de presentes nas festas de Nadal, lanzaremos un decálogo de boas prácticas a través do cal proporcionaremos unha serie de claves para dar co agasallo perfecto sen danar a contorna. E editaremos igualmente unha serie de recomendacións sobre consumo responsable nestas datas, orientadas a satisfacer necesidades reais, pero nun marco global de xustiza, respecto, proporcionalidade e solidariedade.

A adopción de bos hábitos, do mesmo xeito que o Nadal, tamén debe reclamar a nosa atención. Aínda estamos a tempo.

"A estética dun bonito obxecto pode ser substituída por unha entrada para o cine ou por unha xornada en familia"

Presidente de Sogama

Javier Domínguez Lino

Entrevistas do 25 aniversario



A imaxe do 25 aniversario é a protagonista deste 2017 no CMC

Neste 2017 Sogama cumpriu 25 anos. A empresa pública non sería a mesma sen as persoas que se relacionan con ela. Desde os traballadores, as visitas, os colexios, os particulares que realizan os seus cursos de formación, as asociacións, as entidades recicladoras...

Ata os cidadáns que separan nas súas casas.

No seu labor de reciclaxe, Sogama colabora con outras organizacións, como é o caso de Ecovidrio, unha entidade sen ánimo de lucro encargada de xestionar o reciclado dos residuos de envases de vidro en España. Falamos con Germán Fernández sobre a relación das dúas entidades.

A reciclaxe pode espertar a creatividade das persoas.

Con este obxectivo convocouse en 2016 "Recicla as túas ideas e convérteas en arte", un concurso promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Sogama. A obra galardoada co primeiro premio foi "Alixo de esperanza", todo un exemplo a seguir á hora de converter o lixo en arte. Falamos coa súa autora, Esperanza González.

Entrevistas do 25 aniversario



Germán Fernández

Xerente de Ecovidrio en Galicia

"Cando chega vidro ao complexo de Cereda é porque alguén non o botou no seu sitio"

Germán Fernández é o xerente de Ecovidrio en Galicia. Sogama colabora coa súa entidade a través de diferentes proxectos co obxectivo último de concienciar á cidadanía e mellorar así as taxas de reciclado de vidro na comunidade.

Como valora a relación de Ecovidrio con Sogama?

É unha relación desde os inicios, desde as primeiras experiencias piloto de recollida selectiva. Camiñamos sempre da man porque o obxectivo é común. Ao final, o que buscamos todos é mellorar o medio ambiente de Galicia e aumentar as taxas de reciclado. Sempre tivemos unha colaboración moi fluída con Sogama, aínda que nalgún momento non houbo campos que coincidiran.

Que melloras se conseguiron en Galicia na reciclaxe do vidro?

Sempre estivemos buscando iniciativas comúns para intentar mellorar a selección de vidro no Complexo Medioambiental de Cereda. De feito, puxemos en marcha un proxecto pioneiro en Europa para intentar reciclar o vidro que, por erro, é depositado na bolsa negra que vai a Sogama. Este é un exemplo de que sempre estivemos pensando coa idea de futuro de ver como podíamos mellorar o noso campo de reciclado de vidro.

Que datos positivos destacaría?

O labor de Sogama foi, sobre todo, didáctico e educativo coas visitas dos rapaces, asociacións, etc. que recibe na planta. Sempre estivo presente a sensibilización ao redor do reciclado de vidro para trasladarlle a toda a cidadanía como se podía mellorar, como había que facer as cousas ben en relación a este material. Hai que ter en conta que na planta de Sogama non hai separación de vidro, porén, sempre estivemos xuntos para intentar mellorar.

Quizais precisamente polo feito de que Sogama non trata o vidro, é tan indispensable o labor de sensibilización nas visitas ao Complexo Medioambiental de Cereda.

Camiñamos en paralelo para conseguir o mesmo obxectivo. Nós medrando en canto a toneladas recollidas e Sogama colaborando co labor de información, didáctico e de sensibilización. O vidro que chega a Sogama é un erro do cidadán.

"Buscamos iniciativas comúns para intentar mellorar a selección de vidro no Complexo Medioambiental de Cereda."

Cando chega vidro no complexo de Cereda é porque alguén non o botou no seu sitio. Precisamente por iso o que buscamos desde hai tempo son fórmulas. Polo lado da sensibilización, Sogama formando para que a xente coñeza que o vidro non debe ir alí. Por outro, temos un convenio firmado desde 2013 para intentar recuperar o vidro desa fracción de residuos (bolsa negra) que chega á planta. ●

Entrevistamos a...



Esperanza González

Gañadora do concurso do Día Internacional da Reciclaxe 2016

"Sexamos exemplares en reducir, reutilizar e reciclar para poder vivir nun mundo máis harmónico"

Esperanza González gañou o ano pasado o primeiro premio do concurso "Recicla as túas ideas e convérteas en arte". O seu interese pola reutilización e a reciclaxe converteuse na súa principal afección. De feito, esta ourensá conta cun estudo no que dá renda solta á súa creatividade, buscando novas aplicacións para os refugallos.

Que é para vostede Sogama?

Sogama é unha empresa imprescindible que se nutre dos residuos que rexeitamos devolvéndoos, unha vez tratados, en produtos aptos para ser reutilizados. A ela debemos un medio ambiente máis saudable, estético e limpo.

Gañou o concurso do Día da Reciclaxe 2016 coa obra "Alíxo de esperanza". Como xorde a idea de facer arte con refugallos?

Dun xeito natural, é o proceso lóxico que se deriva de considerar os desperdicios non como tales, senón como materiais susceptibles de ser reutilizados, con ou sen manipulación, en ámbitos utilitarios ou artísticos.

Considera que é unha forma de poñer en valor os residuos que xeramos?

Non emprego residuos para revalorizalos mediante o seu uso, máis ben é ao contrario: emprego lixo porque é valioso *per se*. A beleza e a potencialidade que encerra revélase á mirada curiosa.

O seu é un exemplo de aproveitamento artístico, cre que hai outras vidas detrás dun residuo?

Hai tantas como sexamos capaces de imaxinar. Cantas vidas diferentes pode vivir un obxecto fabricado con material ao que se lle calcula un tempo de descomposición dun millón de anos? É obrigado, ademais de reducir o consumo, buscar solucións para que este tipo de residuos non quede fóra do círculo recuperador.

Sempre estivo concienciada coa reciclaxe?

Si, no meu caso é unha consecuencia lóxica do xeito no que me educaron: o respecto. A marabilla que nos foi dada pasa polo seu coidado, evitando todo o que a poida prexudicar. A contaminación é un perigo e, en parte, de nós depende freala.

Ademais do labor de empresas e da Administración, que pode achegar unha persoa de forma individual ao medio ambiente?

Cada día xeramos máis lixo. Estamos convencidos de que sae máis barato tirar que reparar sen decatarnos de que

"Cantas vidas diferentes pode vivir un obxecto fabricado con material ao que se lle calcula un tempo de descomposición dun millón de anos?"

o presunto aforro é en realidade unha hipoteca que está lastrando a saúde do planeta e dos seus habitantes. Un consumismo demencial espoleado por un mercado no que a obsolescencia programada é a tónica que xa tomou carta de natureza. Se a esta falta de conciencia medioambiental engadimos a comodidade crónica que nos caracteriza á hora de separar o lixo segundo as súas propiedades para ser recibidas nas plantas de tratamento de residuos, temos unha idea aproximada de todo o que queda por facer. A educación é básica e nada hai máis convincente que o exemplo: sexamos exemplares en reducir, reutilizar e reciclar para poder vivir nun mundo máis harmónico. ●

Mundo SOGAMA

O Complexo Medioambiental de Sogama tratará a partir de 2019 un millón de toneladas de residuos urbanos

O aumento da capacidade industrial nun 81% permitirá procesar en condicións óptimas todo o lixo producido en Galicia



O acto de inauguración tivo lugar no exterior do complexo

O Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda tratará en 2019 un millón de toneladas de residuos urbanos, incrementando a súa capacidade nun 81% ou o que é o mesmo, terá capacidade para tratar en condicións óptimas todos os residuos urbanos producidos en Galicia. A inauguración das obras contou coa presenza da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Beatriz Mato. Entre outros, a responsable estivo acompañada do presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino; e do director xeral, Isidro García Téllez.

O modelo Sogama é o sistema de tratamento de lixo presente en Galicia que menos residuos envía ao vertedoiro e con esta ampliación dá o salto definitivo cara á economía circular.

A ampliación consistirá na construción dunha nova planta

para a recuperación dos envases contidos no lixo en masa e na remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible.

Tal e como manifestou a conselleira, a optimización do proceso industrial tamén contribuirá ao reciclado e a aumentar as cifras de clasificación de envases depositados erroneamente no contedor verde convencional. Neste sentido, prevese a remisión de 120.000 toneladas anuais de materiais aos centros de reciclaxe, catro veces máis do que se envía na actualidade.

En cifras xerais, desde 1999 lévanse reciclado 448.000 toneladas de envases. Do total, 284.000 toneladas procedían do contedor amarelo e 164.000 toneladas foron recuperadas da bolsa negra (material susceptible de ser reciclado e que non foi seleccionado polo cidadán).

O modelo Sogama é o sistema de tratamento de lixo presente en Galicia que menos residuos envía ao vertedoiro.

Cumprir obxectivos

Coa ampliación e mellora do Complexo Medioambiental contribuirase a dar resposta ao obxectivo da Unión Europea fixado para 2020 no conxunto dos Estados membros: acadar unha cota de reciclaxe do 50%; así como o propio reto marcado pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama de reducir o uso do vertedoiro a mínimos, pretendendo chegar ao vertido técnico cero. ●

Actualidade

Sogama forma a uns cen axentes da Garda Civil en economía circular

Desde 2013 impartiu doce cursos en liña sobre temáticas medioambientais dirixidos a unhas 550 persoas de distintos perfís profesionais



Sogama conta cunha plataforma propia para formación en liña

Preto dun centenar de axentes da Garda Civil están a ser formados por Sogama en xestión sostible de residuos e economía circular. Ata o 16 de decembro, participan nun curso en liña, con 50 horas lectivas e carácter avanzado, deseñado e desenvolvido pola empresa pública para instruílos na correcta xestión dos residuos domiciliarios e nos pormenores da economía circular como único modelo de desenvolvemento capaz de

garantir o uso eficiente dos recursos. Previamente, Sogama impartiu para o colectivo un curso dun perfil máis básico de 30 horas lectivas.

Os contidos divídense en dez temas a desenvolver durante dous meses e que se complementan cun foro de actualidade a través do cal os dous titores de Sogama dan boa conta de novas e novidades vinculadas ao sector.

Completado o curso, os alumnos recibirán un diploma acreditativo e

terán a oportunidade de visitar as instalacións de Sogama en Cerceda.


Aposta pola formación

Desde 2013, Sogama desenvolveu unha docena de cursos de formación en liña a través dos cales dou cobertura a 550 persoas de distintos perfís profesionais: desde profesores de diferentes niveis educativos e especialidades ata cargos políticos, técnicos municipais, gardas civís e policía locais. ●

Actualidade

Vilaboa e Cambados amplían os seus programas de compostaxe doméstica da man de Sogama

65 novos fogares da provincia de Pontevedra instaurarán prácticas de reciclaxe de materia orgánica en orixe.



Os composteiros, de 350 litros, están fabricados con materiais reciclados e reciclables

En resposta á solicitude realizada polos concellos pontevedreses de Vilaboa e Cambados, Sogama entregou en ambos municipios 65 novos composteiros, sumando un total de 230 recipientes subministrados pola empresa pública. Con isto, os dous concellos verán acrecentados os beneficios ambientais,

económicos e sociais derivados desta iniciativa, toda vez que os restos orgánicos supoñen ao redor do 42% do lixo xerado nas casas.

Como vén sendo habitual, as vivendas que reciben un composteiro de Sogama deben ser unifamiliares e dispoñer de horta,

xardín ou terras de cultivo nas que aplicar o compost resultante.

Solución de dúbidas

Toda a información vinculada ao proceso de elaboración de compost está dispoñible na web www.compostaconsogama.gal.

Alumnos de 7 institutos coruñeses conciéncianse contra o desperdicio alimentario

Ao ritmo actual, Europa tirará 126 millóns de toneladas de comida en 2020, un 40% máis en só 3 anos

Baixo o lema "Coa comida non se xoga. Non tires alimentos!", e no marco da Semana Europea da Prevención de Residuos 2017 (18 ao 26 de novembro), Sogama levou a cabo unha serie de charlas e dinámicas orientadas aos alumnos de Bacharelato das 4 localidades limítrofes ao Complexo Medioambiental de Cerceda. Educadores medioambientais impartiron actividades de divulgación, sensibilización e boas prácticas aos estudantes do IES Manuel Murguía e IES de Sabón (Arteixo), IES Agra de Leborís (A Laracha), IES Alfredo Brañas, IES Monte Neme e IES Isidro Parga Pondal (Carballo) e IES N^o1 (Ordes). A iniciativa conta co apoio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Con esta campaña, Sogama busca a complicidade dos mozos para contribuir a revertir unha situación na que poden actuar como axentes de cambio, levando a cabo igualmente unha importante tarefa educativa e de sensibilización na súa contorna familiar e social máis inmediata. Hai que recordar que o fogar, cun 42%, é o que máis contribúe a acrecentar un problema con graves consecuencias ambientais, económicas e sociais.

Chamamento de Europa

A Comisión Europea xa dou a voz de alerta, toda vez que o desperdicio alimentario ascende a 89 millóns de toneladas



anuais, correspondendo 8 millóns a España, o que nos sitúa como o sétimo país que máis desbota. De seguir o ritmo actual, estímase que en 2020 se alcancen os 126 millóns de toneladas no ámbito comunitario, supoñendo un incremento do 40%.

Actualidade



O concurso estará activo ata o venres 22 de decembro

“Cada cousa no seu sitio”, novo concurso en Facebook e Twitter

Sogama usa as redes sociais para achegar o seu gran de area na instauración de hábitos de reciclaxe

“Cada cousa no seu sitio” é o novo concurso de Sogama nas súas redes sociais [Facebook](#) e [Twitter](#) denominadas “Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama”. Con esta iniciativa, e dunha forma lúdica e entretida, a empresa pública quere achegar o seu gran de area na instauración de hábitos de reciclaxe entre a poboación.

Dous meses de preguntas semanais

Desde o 25 de outubro e ata o 22 de decembro, cada semana lánzase unha pregunta sobre cal é o contedor de destino dun determinado residuo. O autor da primeira resposta correcta recibe un lote de produtos de merchandising corporativo. Os participantes deben ter máis de 18 anos. Consulta as bases na [web de Sogama](#). ●

Sogama recibe o certificado Ardán de empresa de alta produtividade 2017

Recoñécese a aposta da empresa pública pola innovación tecnolóxica e a diversificación

O indicador Ardán acredita a aquelas compañías que presentan un valor engadido por empregado por riba do percentil 75 do sector no que operan durante tres anos consecutivos do período de análise e cunha taxa de crecemento superior ao 10% cada ano. O galardón “empresa de alta produtividade 2017” recoñece así a boa xestión de Sogama, ademais da súa firme aposta pola innovación tecnolóxica e a diversificación. A empresa pública, que acaba de cumprir 25 anos, dá emprego a un milleiro de persoas, entre postos directos e indirectos.

Proba do compromiso e da mellora dos procesos produtivos é a ampliación do complexo industrial de Cerceda,



O galardón recoñece a boa xestión de Sogama

xa en marcha, á que se destinarán 29 millóns de euros co obxectivo de incrementar a súa achega ao reciclado e a diminución do vertido final.

Sétima no ranking

Das 18.235 empresas que conforman o informe Ardán 2017, un total de

188, entre as que se atopa Sogama, obtiveron o indicador de alta produtividade, representando un 1,03% sobre o total de Galicia. Tomando como referencia os ingresos de explotación 2015, a Sociedade Galega do Medio Ambiente posiciónase en sétimo lugar de entre as galegas. ●

[Consulta aquí as empresas galegas no informe Ardán 2017](#)



Domínguez Lino durante o seu relatorio

Sogama, exemplo de economía circular en Asturias

Domínguez Lino participou nunha xornada técnica promovida por Humana Fundación Pueblo para Pueblo

O presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, dou a coñecer en Oviedo os pormenores da ampliación de Sogama durante a súa participación na xornada técnica "Avanzando cara á economía circular" promovida por [Humana Fundación Pueblo para Pueblo](#) o pasado 9 de novembro. Domínguez compartiu mesa con relatores de alto nivel do MAPAMA, do Goberno do Principado de Asturias, da Fundación para a Economía Circular e de Cogersa, entre outras entidades.

A intervención tivo lugar no bloque temático correspondente ás medidas concretas a aplicar para impulsar a economía circular, así como nun panel

sobre a función que, neste escenario, deben asumir as entidades locais e os cidadáns.

No seu discurso detallou como unha importante inversión de 29 millóns de euros e unha mellora estratéxica dos procesos converterá ao Complexo Medioambiental de Cerceda nunha das infraestruturas das súas características máis grandes e eficientes de Europa e do mundo.

Quinto contedor

A este fito axudará a construción da planta de compostaxe industrial, que estará operativa a finais

deste 2017, e na que se tratarán ata 15.000 toneladas anuais de materia orgánica procedente da recollida selectiva dos municipios limítrofes, que deberán implantar o quinto contedor.

Domínguez Lino falou igualmente das oportunidades da valorización enerxética da fracción non reciclable e do alto rendemento das plantas europeas e das españolas. Aínda que en España, recordou, queda moita marxe de mellora porque a valorización enerxética é de só o 12% e o uso do vertedoiro dispárase ata o 55%. ●

Actualidade

22 colexios de toda Galicia participan no "Recíclate con Sogama" 2017-2018

Os mellores proxectos serán recoñecidos con premios económicos canxeables por material educativo



Un total de 22 centros escolares de primaria foron seleccionados para participar este curso académico na sexta edición do "Recíclate con Sogama". A provincia máis prolífica é a de Pontevedra, con 14 colexios participantes, seguida polas de Ourense e A Coruña, con 3 cada unha, e Lugo, con 2.

O obxectivo desta iniciativa, canalizada a través do Plan Proxecta da Xunta, é instaurar a recollida selectiva nos centros e levar a cabo un intenso labor educativo para que a separación de residuos

forme parte dos hábitos diarios dos alumnos, posibilitando que as boas prácticas se extrapolen aos seus fogares e contorna social.

Material de apoio

Ademais do tradicional principio dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), Sogama tamén pretenden introducir progresivamente nas aulas o denominado criterio multiterrre, principal expoñente da economía circular, contemplando así o ciclo de vida dos produtos en toda a súa amplitude.

Así mesmo, a empresa pública non escatima en esforzos para que o programa se desenvolva con máximas garantías, subministrando a cada centro medios materiais didácticos e divulgativos complementarios, ademais das illas de reciclaxe (contedores amarelo, azul e verde de 120 litros de capacidade) e dun composteiro para os colexios con servizo de comedor.

A final de curso, os mellores proxectos serán recoñecidos con premios económicos canxeables por material educativo. ●

QUE COLEXIOS SON?

Pontevedra:

- CEIP Doutor Suárez, de Fornelos de Montes
- CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón, de Salvaterra do Miño
- CPI Aurelio Marcelino Rey García, de Cuntis
- CPI Santa Lucía, de Moraña
- CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, de As Neves
- CEIP Cabanas, de Pontevedra
- CPR Plurilingüe Possumus, de Vigo
- CEIP de Abelendo, de Moaña
- CEIP A Xunqueira I, de Pontevedra
- CEIP de Reibón, de Moaña
- CEIP A Guía, de Moaña
- CEP Plurilingüe de Riomaior, de Vilaboa
- CPI de Cova Terreña, de Baiona
- CEIP Antonio Palacios, de Porriño

Lugo:

- CEIP Illa Verde, de Lugo
- CEIP Manuel Mato Vizoso, de Vilalba

Ourense:

- CPR Plurilingüe Divina Pastora, de Ourense
- CPR Plurilingüe Divina Pastora, de O Barco de Valdeorras
- CPI Laureano Prieto, de A Gudiña

A Coruña:

- CPI de Bembibre, de Val do Dubra
- CEIP Plurilingüe San Xoán de Filgueira, de Ferrol
- CEIP A Cristina, de Carballo

Antioquia interésase polo transporte combinado de residuos de Sogama

Analizarán como extrapolar o modelo galego a un proxecto de mobilidade a desenvolver en Colombia



A visita dos representantes colombianos foi moi produtiva

Representantes do departamento colombiano de Antioquia (Colombia) interesáronse polo transporte combinado de residuos no modelo Sogama. O pasado 26 de outubro mantiveron unha reunión coa Dirección de Sogama a fin de coñecer a "loxística intelixente" da empresa pública que lle permitiu incrementar o uso do tren como medio preferente, pasando dun 25% no seus inicio a un 45% na actualidade, e coa vista posta no 55% para 2018.

A delegación colombiana estudará agora a forma de extrapolar o modelo galego ao proxecto que nestes momentos teñen en marcha baixo a denominación "Tren de proximidade multipropósito". Está deseñado para facilitar a mobilidade de millóns de persoas cada día, podendo ser aproveitado igualmente para o transporte de residuos na área metropolitana do Val de Aburrá e na cidade de Medellín. ●

Aeversu achega o seu coñecemento á futura Estratexia Española de Economía Circular

Durante a xornada organizada polo Goberno de España subscribiu un pacto para avanzar de forma decidida cara a este modelo de desenvolvemento



Foto de familia das 55 entidades adheridas ao Pacto pola Economía Circular

O obxectivo da xornada Estratexia Española de Economía Circular celebrada en Madrid o 18 de setembro era realizar unha profunda reflexión sobre os cimentos que deben sustentar a elaboración desta importante folla de ruta para o noso país. O encontro estivo promovido conxuntamente polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA) e o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade (MINECO)

En concreto, o presidente de [Aeversu](#), Rafael Guinea, participou na mesa de traballo denominada "A xestión dos residuos nunha economía circular", a

través da cal se recabaron as principais inquietudes do sector ante autoridades nacionais e internacionais como o comisario europeo de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella.

Firma do pacto

Durante o evento, a Asociación Española de Empresas de Valorización Enerxética, xunto con outras 54 entidades, subscribiu o Pacto pola Economía Circular, cuxo fin é aplicar as medidas necesarias para lograr un desenvolvemento sostible a través do uso eficiente dos recursos. ●

Eurocities respalda a valorización enerxética pola súa contribución clave á economía circular

Apoia a limitación gradual de vertido de residuos municipais ao 10% para o ano 2030, segundo a proposta establecida pola Comisión Europea



Planta de Tirme, en Mallorca

Eurocities, unha organización non gobernamental que aglutina a 135 das maiores urbes de Europa, apoiou publicamente a valorización enerxética da fracción non reciclable dos residuos pola súa contribución clave á economía circular.

A través dun comunicado, a entidade aposta pola firme aplicación do principio xerárquico de xestión de residuos, no que se prioriza a prevención, a reutilización e a reciclaxe, debendo ser valorizada enerxeticamente a fracción non reciclable dos residuos con carácter previo ao vertido, dado o seu negativo impacto sobre o medio ambiente e a saúde.

Así mesmo, proclama a necesidade de levar a cabo un tratamento seguro e eficiente dos residuos que respecte o medio ambiente pero que, ao mesmo tempo, xere recursos, sendo a valorización enerxética un método fiable e eficiente.

Eurocities tamén se refire explicitamente ao artigo 28 da Directiva Marco de Residuos, destacando a necesidade de que os Estados membros dispoñan de plans específicos de xestión de residuos. Sinala que, nalgúns casos, xa se estableceu a prohibición de depositar en vertedoiro as fraccións que aínda teñen poder calorífico. De aí que apoie a limitación gradual de vertido de residuos municipais ao 10% para


o ano 2030, segundo a proposta establecida pola Comisión Europea, debendo destinarse a vertedoiro só os refugallos inertes e outros que non poidan ser valorizados material ou enerxeticamente (o que se coñece como vertido técnico cero).

Integración urbana das plantas

Xa para finalizar, a entidade solicita que as plantas de valorización enerxética con sistemas de calefacción e produción de electricidade se integren de forma harmoniosa no ámbito local e rexional, e que se sitúen preferentemente en emprazamentos con conexión a redes de calefacción xa existentes ou a instalacións industriais con demanda de calor. ●

Multimedia

Unha mensaxe moi especial



Xa estamos en decembro, o último mes do ano. Como bule o tempo! Sabedes quen pode pasar pola vosa casa a deixar algún dos agasallos de Nadal? Facemos repaso? O Apalpador, Papá Noel, os Reis Magos,... Este ano dannos unhas indicacións para escribirlles a carta e, de paso, conseguir un planeta máis verde! ●

[Mira aquí o ecoconto de Nadal](#)

Caderno Verde dá o salto ao 2.0



A plataforma educativa de Sogama www.cadernoverde.gal actualiza os seus contidos no curso 2017-2018 para responder ás demandas dos usuarios, á vez que gaña en interactividade e dinamismo. Este sitio web, que xa vai camiño das 60.000 visitas e máis de medio millón de seccións vistas, pretende consolidarse como punto de referencia didáctico e pedagóxico na xestión sostible dos residuos urbanos.

A web está orientada a escolares de educación infantil e primaria, así como a profesores e a pais. Aglutina numerosos recursos didácticos como fichas ou videocontos a través dos cales personaxes de ficción tales como os "Amigos de Vilaverde" e a "Familia Trebón" axudan a pequenos e a maiores a identificar as boas prácticas ambientais que deben ser aplicadas cada día para garantir un correcto tratamento dos residuos. ●

[Accede aquí a www.cadernoverde.gal](http://www.cadernoverde.gal)

A escola infantil de Verducedo comparte nun vídeo a súa paixón polo coidado da contorna

"Sementando vida para o planeta" é o título do [vídeo](#) editado pola Escola de Educación Infantil Verducedo (Moaña, Pontevedra) no que se relatan as principais actividades medioambientais que profesores e alumnos levaron a cabo o pasado curso académico para contribuír a unha contorna máis limpa e saudable.

O labor dos pequenos foi tal que ata habilitaron un hotel para bichos, ademais dun restaurante para bolboretas, contando igualmente cunha horta ecolóxica, un composteiro e un

vermicomposteiro artesanal.

Os seus cultivos son variados (froitas, verduras e hortalizas), o que lles permite apreciar as bondades dunha dieta variada e saudable, aínda que tamén se permiten algún capricho como madalenas de limón ecolóxico! Cando a meteoroloxía llo permite, incluso baixan á praia para limpala, recoller os residuos e botalos nos contedores de cores.

Coas súas accións, chaman a atención sobre unha evidencia que a humanidade ignora moitas veces: "Temos que coidar o planeta. Está moi maliño". ●



[Ver aquí o vídeo da EEI de Verducedo](#)

Eventos



“Tolerancia cero” co desperdicio alimentario

Ese é o posicionamento da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), que insta á renovación deste compromiso para acabar coa fame, toda vez que un terzo dos alimentos producidos para o consumo humano se perde ou se desperdicia cada ano no mundo, supoñendo igualmente un malgaste de man de obra, auga, enerxía e terra. Neste sentido, o Director Xeral da FAO sostén que “cada dólar investido en políticas para frear as perdas e o desperdicio alimentario, redunda nun beneficio de 14 dólares”.

A entidade recorda que a maioría dos 815 millóns de persoas que pasan fame no mundo son agricultores familiares, pastores ou pescadores que non contan con medios para previr as perdas alimentarias.

Neste marco, a FAO continúa tecendo alianzas como a súa colaboración estratéxica con Unilever para dar cobertura a países de todo o mundo, asegurando un mellor acceso aos alimentos e promovendo unha agricultura sostible. ●

A ONU Medio Ambiente demanda menos contaminación

“Cara a un planeta libre de contaminación” é o título do novo informe da ONU Medio Ambiente para promover unha vida máis saudable. Fíxose público o pasado 28 de setembro, pretendendo co mesmo definir as liñas a seguir para avanzar cara a un mundo máis sostible, instando aos distintos sectores sociais (empresas, autoridades locais, sociedade civil e cidadáns particulares) a pasar á acción.

Entre as actuacións a levar a cabo, o documento fai referencia á necesidade de reducir os residuos e a utilizar de forma eficiente os recursos entre outro medio centenas de intervencións viables para abordar a contaminación en todas as súas formas. Abunda tamén no feito de que a contaminación é controlable e evitable, e pon de relevo o papel dos acordos ambientais multilaterais, incluíndo o de cambio climático e a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible.

O documento saíu á luz con carácter previo á celebración da Asemblea das Nacións Unidas para o Medio Ambiente, en Nairobi (Kenia) entre o 4 e o 6 de decembro. ●



Eventos



32 países apoian a campaña #MaresLimpios

Tras o anuncio de España de sumarse á campaña Mares Limpos, promovida por [ONU Medio Ambiente](#), xa son 32 os países que decidiron apoiar esta iniciativa co obxectivo de conseguir uns océanos saudables e libres de contaminantes.

O obxectivo de #MaresLimpios é instar a gobernos, empresas e cidadáns a que loiten contra a presenza do plástico no mar, un material que está a ocasionar serios problemas de contaminación, ameaza os ecosistemas mariños, ocasiona a morte de moitos animais

e pon en risco a pesca e o turismo. A campaña está representada na regata anual de Volvo Ocean Race polo equipo "Cambia a marea do plástico" e tamén se asociou co programa "11 th Hour Racing" e coa Fundación Plastic Soup. ●

III Gran limpeza nacional de fondos mariños



© Fotos sacadas da web [vigilantesmarinos.es](#)



A terceira gran limpeza nacional de fondos mariños celebrouse no fin de semana do 14 e 15 de outubro en 30 puntos do litoral español. Participaron mergulladores e voluntarios en terra da Rede de Vixiantes Mariños, así como clubs de mergullo de Galicia, Andalucía,

Asturias, Canarias, Castela-León, Murcia, Ceuta e Melilla. Con esta iniciativa, non só se recolleron residuos, senón tamén se recompilaron datos de interese a través da app gratuíta "Marnoba" sobre a súa orixe, cantidades, situación e tipoloxías, pretendendo

con isto recabar información suficiente de cara a deseñar plans de actuación contra un problema ambiental que foi crescendo de forma exponencial. A actividade contou co apoio da Asociación Vertidos Cero, a Asociación Española de Basura Marina e o Proxecto Libera. ●

Eventos

Reciclando ao ritmo da música



Ecoembes, coa axuda dos cidadáns, posibilitou a reciclaxe de máis de 370.000 quilos de envases recollidos nos principais festivais musicais de España. De feito, a entidade reforzou a súa presenza neste tipo de citas, pasando dos 29 de 2016 aos 44 deste ano con 5.100 puntos de reciclaxe habilitados, conformados á súa vez por 1.700 contedores amarelos e azuis, e 3.426 papeleiras. Así mesmo, formou ao persoal ao servizo destes eventos para que, á súa vez, levase a cabo unha tarefa educativa entre os asistentes.

Desta campaña beneficiáronse máis de dous millóns de persoas, dándolles a oportunidade de coñecer a importancia que ten a adopción diaria de boas prácticas para diminuír o impacto que estes encontros de masas teñen sobre a contorna, evitando con isto o abandono de residuos ou, o que é o mesmo, o *littering*. ●

Iglús rosas para reciclar vidro por elas

Con motivo do Día Mundial do Cancro de Mama (19 de outubro), **Ecovidrio**, o Sistema Integrado de Xestión para a reciclaxe dos envases de vidro en España, contribuíu a esta causa coa campaña "Recicla vidro por elas". Baixo este mesmo lema, a organización instalou 146 iglús rosa en puntos emblemáticos de 21 cidades españolas. Por cada quilo de envases de vidro que os cidadáns depositaron neles, a entidade doou 1 euro á **Fundación Solidariedade Fronte ao Cancro**, dirixida por Sandra Ibarra, e á súa vez embaixadora deste proxecto.

Minicontedor rosa para a casa

Ademais, Ecovidrio creou un contedor doméstico cun deseño especial que os interesados poderán adquirir a través do sitio web miniglu.es, destinando os beneficios económicos a este mesmo fin. ●





Efemérides ambientais

Como cada primeiro luns de outubro, celebrouse o **Día Mundial do Hábitat**, unha xornada coa que se invita á reflexión sobre o estado das nosas cidades e dos nosos lugares de vida de cara a melloralos. Con esta efeméride, recórdase o dereito á vivenda digna, o acceso das persoas aos servizos básicos, a educación, a xustiza e, sobre todo, apélase á necesidade de vivir en plena sintonía e harmonía coa contorna.

No **Día Mundial dos Animais**, o 4 de outubro, Sogama quixo homenaxear a todas as persoas que se dignan a dar un fogar ás mascotas abandonadas, comprometéndose a coidalas durante o resto da súa vida. En concreto, recordou o xesto de amor, solidariedade, bondade e xenerosidade dunha moza de 15 anos que adoptou á gata de 2 meses que apareceu abandonada no Complexo Medioambiental ([ler noticia aquí](#)).

Unha semana despois, o 16 de outubro, celebrouse o **Día Mundial da Alimentación** baixo o lema "Cambiar o futuro da migración. Investir en seguridade alimentaria e desenvolvemento rural". Esta é xornada proclamada pola FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) coa pretensión de fortalecer a solidariedade na loita contra a fame, a desnutrición e a pobreza.

A efeméride do **Día Mundial de Información sobre o Desenvolvemento** quixo poñer de relevo o 24 de outubro a importancia que ten dispoñer de información ampla, puntual, de calidade, fiable e relevante sobre

todos os aspectos vinculados ao desenvolvemento. Esta circunstancia contribuirá, sen dúbida, a reforzar as accións dirixidas cara a mellora da vida das persoas, especialmente as que contan con menos recursos.

"Cidades inclusivas, desenvolvemento compartido", foi o slogan do **Día Mundial das Cidades** que neste 2017 tivo lugar o 31 de outubro centrando os esforzos en crear cidades e asentamentos humanos incluíntes, seguros, resistentes e sostíbeis, en sintonía cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbeis, aglutinados dentro da Axenda 2030. ●



Receitario

Caldo, un prato moi galego e moi ecolóxico!

O caldo é unha desas comidas que nos apetecen cando vai moito frío ou cando comemos moito e queremos algo que nos asente o estómago, como seguro que a todos nos pasa polo Nadal! Aparte, non nos digades que non hai unha receita máis galega e máis sostible ca esta! O seu ingrediente principal son verduras propias de Galicia polo que a súa pegada ecolóxica desde a leira ao mercado é mínima! Bo proveito e Bo Nadal!



Caldo galego



Nivel de dificultade:

- 1 Fácil
- 2 Medio
- 3 Avanzado



Cantidades e ingredientes:

Para 6 persoas

- 1 presa de fabas
- 2 cuncas de patacas cortadas
- Unto, un anaco
- ½ polo
- 1 costela e/ou 1 cacheira de porco
- 1 boa mancha de rabizas ou de grelos. Tamén pode ser repolo.
- Sal ao gusto



Elaboración:

1. Encher ata a metade de auga a pota na que vaiamos facer o caldo e cando ferva, botar as fabas, as patacas cortadas como se fosen para a tortilla, pero rompéndoas. Isto é para que ao cocer solten o amidón e o caldo quede máis espeso.
2. Incorporar tamén neste momento o unto, a carne en pezas enteiras e deixar a lume lento uns 45 minutos, revisando a cada momento o punto de cocción.
3. Salgar ao gusto tendo en conta se a carne de porco é fresca ou salgada, caso no que non se necesitaría o condimento.
4. Mentres coce a carne, lavar e limpar a verdura, quitándolle os cañotos. Tanto os grelos como as rabizas teñen que picarse en anacos moi pequenos.
5. Botar a verdura na pota e deixar cocer unha media hora ou máis se se prefire moi desfeita.




Presentación:

En cunca ou en prato, ao gusto do comensal!



Onde vai que?



Rede das patacas, bolsa de plástico que envolve os alimentos



Contedor amarelo



Restos de comida



Contedor xenérico ou composteiro